

**INSTITUTO GALEGO DE
PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Resolución do 25 de xaneiro de 2010 pola que se publica o tipo de xuro para o primeiro semestre de 2010 para as operacións acollidas ás bases reguladoras das axudas para a habilitación de liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia (Programa Re-Imaxina).

Mediante Resolución do 22 de xullo de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 148, do 30 de xullo) fixéronse públicas as bases reguladoras das axudas para a habilitación de liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas.

De conformidade co establecido no artigo 7.2º das bases reguladoras, e unha vez verificados os datos relativos á evolución do euribor a prazo de seis meses durante o mes de novembro de 2009,

RESOLVO:

Primeiro.-Os tipos de xuro de referencia que se aplicarán durante o primeiro semestre do ano 2010 ás operacións en vigor das liñas 2 e 3, ao amparo da Resolución do 22 de xullo de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 148, do 30 de xullo) pola que se dou publicidade ás bases reguladoras das axudas para a habilitación de liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica,

as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Programa Re-Imaxina), será do 0,993%.

Segundo.-As entidades financeiras deberán comunicarlles aos beneficiarios dos préstamos subvencionados a variación do tipo de xuro.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2010.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica